

Agustín Fernández Paz, Eva Veiga e Helena Miguélez, premios AELG 2015

Montse Dopico 10/05/2015



María Solar, ao inicio da gala das letras. Foto: Mercedes Queixas

'A viaxe de Gagarin' (Xerais), de Agustín Fernández Paz, vén de gañar o premio da Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG) na modalidade de narrativa. 'A distancia do tambor' (Espiral Maior), de Eva Veiga, foi a obra escollida polos socios e socias da AELG na categoría de poesía e 'Galiza, un povo sentimental?', (Através), de Helena Miguélez, na de ensaio.

En teatro, a obra gañadora foi o volume IV das obras completas de Roberto Vidal Bolaño, editadas por Positivas, en literatura infanto-xuvenil 'Penúltimas tendencias' (Xerais), de Carlos Negro e en tradución o galardoado foi Darío Xohán Cabana polo seu traballo con 'A Divina Comedia' de Dante, publicado por edicións da Curuxa. Na categoría de blog literario repetiu premio Ramón Nicolás polo seu 'Caderno da crítica' e na de xornalismo cultural gañouno Montse Dopico.

Os premios entregáronse no Círculo das Artes de Lugo, nun acto no que tamén foron recoñecidos o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia e a Asociación de Medios en Galegi co premio AELG 'Institucións Culturais' e Josefa Arias e Emilio do Pando co premio 'Mestres/as da Memoria', así como Luiz Ruffato como Escritor Galego Universal e Margarita Ledo, Manuel Lombao, Tareixa Navaza e Xosé María García Palmeiro co 'Bos e Xenerosos'. Abraham Cupeiro e Iago González puxéronlle a música a unha gala na que se reivindicaron a lingua e a cultura galegas e unha maior presenza da cultura nos medios de comunicación e se apelou á sociedade para poñerlle fin á violencia de xénero.